



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE  
Dirección Xeral de  
Desenvolvemento Sostible

**METEOGALICIA**  
*Informe climatolóxico*  
*Mes de abril 2008*

# **INFORME CLIMATOLÓXICO**

## **MES DE ABRIL 2008**



## 1.- Resumo

### **Mes húmido con situacións sinópticas moi variables.**

O mes de abril estivo caracterizado pola alta variabilidade nas situacións sinópticas, que oscilaron rapidamente entre intensos anticiclóns e profundas borrascas, con bruscos cambios nas condicións do tempo. Así, o mes comezou cunha primeira semana anticiclónica que se estendeu entre o día 1 e o 6, logo de que o mes de marzo terminase co paso dunha fronte activa na xornada do día 30. Esta primeira situación anticiclónica tivo o seu máximo nos días 4 e 5, cando os ceos quedaron completamente despexados e os termómetros achegáronse os 30°C nas primeiras horas da tarde. O día 7 tivo lugar a chegada dun centro de baixas presións, cunha primeira fronte asociada o día 8, que nas xornadas seguintes deixou un importante descenso nos termómetros. A situación inestable estendeuse ata o luns día 14, cando Galicia quedou novamente baixo a influencia das altas presións, pero foi un anticiclón moi transitorio, posto que novamente o mércores 16 as baixas presións atlánticas entraron en Galicia. O brusco cambio na masa de aire que tivemos na tarde do día 16 ocasionou algunha treboada intensa e incluso un tornado no lugar de Cabío na Ría de Arousa. Na madrugada do día 18 un centro de baixas presións moi profundo achegouse ó litoral de Galicia deixando unha situación de temporal de vento moi intensa. Esta inestabilidade estendeuse ata o día 23, cando comezou un novo período anticiclónico, curto, pero intenso, con temperaturas que superaron os 30°C na xornada do 26. Os derradeiros días do mes caracterizáronse novamente polas nubes e as chuvias.

**Temperatura:** As temperaturas estiveron en xeral cerca ou mesmo algo por riba das medias agardadas neste mes, pero este comportamento agocha unha grande variabilidade temporal. Así a primeira e cuarta semana as temperaturas movéronse en valores altos, mentres que na segunda e terceira semana rexistráronse valores por debaixo do normal. Este comportamento foi particularmente marcado no caso dos valores máximos.

**Chuvia:** As chuvias acadaron valores superiores ás normais nun mes de abril debido principalmente á presenza de baixas presións con chuvias persistentes na segunda e terceira semana. As últimas xornadas de chuvias dos derradeiros días do mes, xa algo máis febles, deixan un mes húmido en toda Galicia. Destacan particularmente as chuvias que tiveron lugar entre as xornadas do 17 e do 22.



## 2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no periodo 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m2).

### CIS FERROL

	ABRIL 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.1	12.5	15.2 (1997)	10.0 (1986)
Tª mínima media	9.7	9.5	11.3 (1984)	7.0 (1986)
Tª mínima absoluta	5.9 (día 14)	3.0 (8/4/1986)		
Tª máxima media	17.3	15.6	19.1 (1997)	12.9 (1986)
Tª máxima absoluta	28.7 (día 25)	28 (22/04/1984)		
Precipitación acumulada	206	66-82	232 (1998)	5.1 (1982)

#### Comentario:

*Temperaturas mais elevadas que os valores medios agardados, especialmente no caso das máximas, polo que o mes pode considerarse cálido ou mesmo moi cálido respecto as máximas.*

*A chuvía acumulada foi moi superior ao agardado; o mes pode considerarse moi húmido.*



## SANTIAGO

	ABRIL 2008	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	12.0	12.0	15.8 (1997)	8.3 (1986)
Tª mínima media	7.7	7.4	9.3 (1984)	4.0 (1986)
Tª mínima absoluta	1.3 (día 14)	-1.3 (13/4/1986)		
Tª máxima media	17.0	16.6	22.3 (1997)	12.7 (1986)
Tª máxima absoluta	28.1 (día 4)	30.8 (11/4/1995)		
Precipitación acumulada	200	85-142	439 (2000)	32 (1997)

### Comentario:

*Mes normal en canto ás temperaturas medias e mínimas pero cálido respecto as máximas, superiores ao valor medio agardado\*\**

*A chuvia acumulada foi superior ao rango normal de valores para o mes de abril, polo que este mes pode considerarse húmido*

\* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

\*\* hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido que o do resto dos casos (1973-2003)

## LUGO

	ABRIL 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.3	10.4	14.1(1997)	8.0 (1986)
Tª mínima media	5.4	5.4	7.9 (1984)	3.3 (1974)
Tª mínima absoluta	1.4 (día 15)	-3.0 (1 y 7/4/1975)		
Tª máxima media	16.5	15.4	21.3 (1997)	11.3 (1986)
Tª máxima absoluta	28.8 (día 25)	30.0 (28/4/1994)		
Precipitación acumulada	150	57-71	322 (1998)	8 (1982)

### Comentario:

*Mes normal en canto ás temperaturas medias e mínimas pero cálido respecto as máximas, preto de 1°C superiores ao valor medio agardado*

*A chuvia acumulada foi moi superior ao rango normal de valores para o mes de abril, polo que este mes pode considerarse moi húmido*



**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	ABRIL 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.8	12.7	16.1 (1997)	9.9 (1986)
Tª mínima media	9.2	7.3	10.2 (1984)	4.4 (1986)
Tª mínima absoluta	4.0 (día 14)	-1.5 (6/4/1975)		
Tª máxima media	19.3	18.0	22.7 (1997)	15.0 (1978)
Tª máxima absoluta	29.2 (día 4)	30.4 (30/4/1997)		
Precipitación acumulada	222	98-132	430 (2000)	40.4 (1974)

Comentario:

*Mes moi cálido en xeral en tódalas temperaturas, pero destacando neste caso as mínimas, case 2°C superiores ao agardados  
 A chuvia acumulada foi moi superior aos niveis que se consideran normais, polo que este mes pode considerarse moi húmido.*

**OURENSE**

	ABRIL 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.6	12.8	16.5 (1997)	9.3 (1986)
Tª mínima media	8.3	6.3	9.2 (1984)	3.2 (1973)
Tª mínima absoluta	4.8 (día 14)	-3.2 (06/4/1975)		
Tª máxima media	19.7	19.2	24.7 (1997)	15.0 (1986)
Tª máxima absoluta	31.3 (día 26)	32.8 (29/4/1994)		
Precipitación acumulada	154	42-58	198.1 (2000)	12.0 (1982)

Comentario:


*Mes cálido en xeral e mesmo moi cálido no que respecta ás temperaturas mínimas, 2 °C por riba do valor medio agardado.  
 A chuvia acumulada foi moi superior ao agardado, polo que pode considerarse un mes moi húmido.*



### 3.- Mapas

#### 3.1.- Anomalías de presión en superficie


##### Anomalías de presión en superficie. Mes de Abril 2008






### 3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

**Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.**  
**Mes de Abril 2008**





### 3.3.- Temperatura media das máximas




Tmáx -- 04/2008

www.meteogalicia.es





### 3.4.- Temperatura media das mínimas




Tmín -- 04/2008

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)



**3.5.- Choiva acumulada (litros/m<sup>2</sup>)**



Chuvia -- 04/2008

www.meteogalicia.es